JOSE PEROZO

ESCULTURA

BIO

Jose Perozo (Vigo, 1978) estudou Escultura na Mestre Mateo (Compostela) e Maquinaria Escénica e Construción de Decorados en Escénica (Granada).

No ano 2017 inaugura Bastións na Igrexa da Universidade (Santiago), unha exposición de 24 esculturas cunha marcada influencia do teatral e o escenográfico, representadas nunha linguaxe industrial e onírica.

No ano 2018 presenta Bastións II no Círculo de Empresarios de Galicia (Vigo), unha continuación da liña creativa da súa anterior mostra individual.

No 2019 presenta Fragmentaria na Fundación Eugenio Granell (Santiago), nova liña de traballo que afonda na construción arquitectónica do corpo humano.

No 2020 expón no museo PO.RO.S de Coimbra (Portugal) Entre o volume e o plano, exposición conxunta co pintor Eduardo Ortún.

No 2021 inaugura HABITAR na galería La Doce (Boiro), unha mostra que sintetiza o seu traballo anterior sobre o xeito de construír o propio corpo.

No 2022 participa en Hybrid Art Fair, na Semana da Arte de Madrid. Ademáis, participa en colectivas como Existir en Ciudad Real e en Espacio Beny de Vigo.

En 2023 presenta ANTROPOTECTURA na galería Monty4 de A Coruña, nova individual na que afonda na arquitectura do corpo humano. Tamén en 2023 expón na colectiva Maldita Figura no Pazo Torrado de Cambados e en diversos proxectos colectivos con Espacio Beny: a exposición Humanidades (Vigo), a colectiva Ibero-Americana do Club Rotary (Sao Joao da Madeira, Portugal) e as feiras Artist 360 e Estampa en Madrid.

Durante eses anos participa tamén en diversos certames como o Gois-Oroso Arte ou a Bienal de Arte no Morrazo, ademáis de colaborar en exposicións colectivas como Retratos con alegoría de J. Méndez ou Tres Tristes Artistas na Casa das Peritas de Fisterra. Tamén traballa con galerías como José Lorenzo e Catro Gatos (Santiago), La Doce (Boiro), Espacio Beny (Vigo), Isadora e Monty4 (A Coruña).

SELECCIÓN DE OBRA

2016 - 2023

Bastión III. Porto
Madeira, metal
96 x 186 x 41 cm
2016

Home Habitado
Madeira, metal
73 x 83 x 38 cm
2016



Ática
Madeira
85 x 111 x 36
2016

Home Laminado
Cerámica, Metal
38 x 64 x 15 cm
2017

Templo I
Madeira, metal, cerámica, metacrilato
48 x 231 x 55 cm
2017

Menina
Madeira, cerámica, metal
64 x 131 x 44 cm
2017

Bastión VI. Tres Corpos
Madeira, cerámica, metal
36 x 192 x 35 cm
2018

Templo II
Cerámica
8 x 32 x 7 cm
2018

Etérico
Cerámica
51 x 60 x 24
2019



Civilización
Madeira
74,5 x 98 x 51 cm
2019

Arqueoloxía I, II
Cerámica, metal
52 x 78 x 23 / 44 x 73 x 22 cm
2019

Doble 80
Contrachapado
34 x 103 x 22 cm
2019

Duplo
Metacrilato, luz
100 x 84,5 x 40 cm
2019

Filosofía
Metal, cristal
70 x 97,5 x 45 cm
2019





Escher III
Madeira
42 x 28 x 30 cm
2021

Bastión VII. Néboa
Madeira, metal
28 x 78 x 27 cm
2021

Antropotectura
Madeira
65 x 114 x 76 cm
2023

Arquitectura
Madeira
33 x 140 x 24 cm
2023

Fogar I
Fogar II
Cerámica, madeira
23 x 24 x 23 cm
25 x 24 x 23 cm
2023



Proxectos II, IX XIV
Cemento, madeira
Aprox 25 cm de altura
2023

Proxectos I, VIII, XI, XII
Cemento, madeira
Cemento, resina
Aprox 25 cm de altura
2023

SELECCIÓN DE EXPOSICIÓNS

2017 - 2023



BASTIÓNS. IGREXA DA UNIVERSIDADE
SANTIAGO 2017

FRAGMENTARIA. FUNDACIÓN E. GRANELL
SANTIAGO 2019

ANTROPOTECTURA. GALERÍA MONTY4
A CORUÑA 2023

Antropotectura diserta sobre a ambivalente
relación entre o humanismo e a técnica e cal,
ao tempo que nos constrúe, ameaza con
disolver a nosa humanidade.
Noelia M. Tajes

STATEMENT

O meu traballo escultórico parte dunha combinación do emocional e do estético. As temáticas xurden de imaxes ou ideas visuais e da emotividade que esas ideas suxiren. A intelectualización ou conceptualización prodúcese a posteriori, como xeito de afondar e definir a peza. De aí a tendencia ao onírico e ao surreal na miña obra.

Estou interesado na figura humana e na súa capacidade dramática dende un punto de vista construtivo. Nas miñas pezas hai unha simbiose entre morfoloxía humana e arquitectura que deriva nunha poética sobre a capacidade de habitar o propio corpo. E esa é a liña común en todas elas: a construción física, a creación de hábitats e refuxios, sexan xeométricos ou anatómicos.

Principalmente utilizo materiais clásicos e duradeiros como a madeira, a cerámica, o cemento ou o metal, e de xeito anecdótico outros como o cristal, a corda ou o plástico. Normalmente están traballados de forma directa, usando como previo un simple bosquexo esquemático.

En xeral a estética das miñas pezas leva a unha idea de pasado ou de atemporalidade que raia no escenográfico e que en moitas ocasións tende a unha noción doce de decadencia postindustrial, de abandono, de paisaxe humana na que o humano xa non existe.

A nivel de estilo procuro a variedade, tanto técnica como formal. Gústame reinterpretar as temáticas dende distintos puntos de vista, revisitalas as veces necesarias dende ópticas e técnicas diferentes, ata profundizar na interpretación da imaxe ou emoción da que xurdiron.

En resumo, é unha liña de traballo intuitiva, directa e diversa, que tende ao emocional e á complexidade. Un traballo que bebe das capas profundas da consciencia. Porque como dicía Lynch, aí é onde se atrapan os peixes dourados máis interesantes.

CONTACTO E REDES

www.joseperozo.es

jose.perozo.escultura@gmail.com

@jose.perozo.escultura

696 034 250

2024